

COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# MEMORIA ANUAL

2025

EDICIÓN,
DESEÑO E
MAQUETACIÓN

Punto GA
Comunicación

FOTOGRAFÍAS

**PUNTO GA-M.RIOPA**

COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# ÍNDICE

I. CARTA DO DECANO 4

II. A PROCURA EN VIGO 6

III. RESUMO DE ACTIVIDADE DO ANO 8

IV. XUNTA DE GOBERNO 20

V. ACTIVIDADE DAS COMISIÓNS 22

VI. INFORME ECONÓMICO 28

VII. COMUNICACIÓN E PRENSA 30

VIII. PROFESIONAIS COLEXIADOS 32

COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# CARTA DO DECANO



# A PROCURA EN MOVEMENTO

**Con enorme orgullo, dicía hai un ano nestas mesmas liñas que en Vigo tiñamos –e temos– unha procura de récord. Hoxe podo afirmar, de novo co corazón enchido, que a nosa profesión resístese a tocar teito: as e os profesionais de Vigo elaboraron en 2025 un total de 120.936 escritos, unha nova cifra récord que supón un 2,3% máis que no ano anterior e un 39,8% que en 2020.**

**Cada profesional da procura do Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo xestionou máis de 7.000 escritos e notificacións durante o exercicio, uns 32 casos cada día.**

**Cómpre sinalar que a maior parte destes incrementos, tanto de escritos como de notificacións (665.947, outro fito histórico), foron xestionados nos primeiros meses do ano, xusto antes da entrada en vigor da Lei de Eficiencia e a introdución da mediación obrigatoria antes dos litixios. Isto dinos moito, e moi bo, sobre a anticipación, a profesionalidade, a responsabilidade e a vocación de servizo público que rexen a unha procura preparada para enfrontalo todo, cos medios que ten.**

**Somos un dos oficios máis loitadores e fundamentais para o bo funcionamento da Xustiza en Vigo e na súa área, mais tamén no conxunto de Galicia e de España. Somos esenciais para que a Xustiza chegue a tempo, para axilizar os procesos e, agora tamén, para conseguir a mellor mediación.**

**A Lei 1/2025 outorgounos as competencias de execución que historicamente levabamos reclamando, moi especialmente dende este Colexio. Mais non son suficientes. Queremos e podemos ser moito máis útiles, na liña do que xa exercen as nosas homólogas e homólogos noutros países europeos, onde son capaces de resolver en segundos trámites que hoxe se dilatan meses nos xulgados.**

**Estudos recentes estiman que, con máis funcións, a procura podería reducir o atasco xudicial á metade en cinco anos. Unha conxestión que en Vigo se elevou a 16.710 casos pendentes de resolución no peche do ano, case un 10% máis que hai unha década. Con máis procura, poderíamos estar falando de 8.355 asuntos menos pola volta de 2030.**

**En Vigo sabemos que, a máis competencias, mellor servizo público poderemos ofrecer dende esta procura sempre en movemento. Esa, e non outra, é a nosa vontade, como tamén lograr un maior protagonismo dos xulgados de Vigo, punto neurálxico da vida xudicial física, jurídica e mercantil, na Xustiza galega. Máis Vigo e máis procura. É de xustiza.**

JOSÉ ANTONIO FANDIÑO
DECANO DO COLEXIO DA PROCURA DE VIGO



COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# A PROCURA EN VIGO

# 126

## PERSOAS COLEXIADAS EN EXERCICIO

# 120.936

## ESCRITOS XESTIONADOS

+2,3% que no 2024

# 665.947

## NOTIFICACIÓNS EMITIDAS

+9% que no 2024

# 6.391

## QUENDAS DE OFICIO

+0,3% que no 2024



COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# RESUMO DE ACTIVIDADE DO ANO

RESUMO DE ACTIVIDADE DO ANO

# NOVO RÉCORD DA PROCURA VIGUESA

As procuradoras e procuradores que operan na área do Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo elaboraron un 2,3% máis de escritos que o ano anterior, marcando así un novo récord. As notificacións medraron un 9%, tamén máximo histórico de traballo da procura viguesa.

EVOLUCIÓN DE ESCRITOS REXISTRADOS NOS XULGADOS DE VIGO 2020-2025




Os maiores incrementos, tanto de escritos como de notificacións, foron xestionados nos primeiros meses do ano, xusto antes da entrada en vigor o 1 de abril da Lei de Eficiencia e a introdución da mediación obrigatoria antes dos litixios.

EVOLUCIÓN DE NOTIFICACIÓNS NOS XULGADOS DE VIGO EN XANEIRO E FEBREIRO 2020-2025



# MONITORIZACIÓN CONSTANTE DE ACTIVIDADE E PROXECCIÓNS COA NOVA LEI

O Colexio seguiu adiante co reconto diario de **escritos e notificacións**, coa ollada especialmente atenta á entrada en vigor da Lei 1/2025 e as súas repercusións, como tamén á reivindicación dunha xustiza máis áxil para Vigo e a súa área.






MARTA FONTÁN

## El curso judicial arranca fuerte: 3.800 notificaciones en un día

Los juzgados empezaron a celebrar juicios tras el parón de agosto y con la mirada puesta en la reforma que cambiará la actual estructura

Tras el parón de agosto, un mes que judicialmente hablando es inhábil excepto para los procedimientos considerados urgentes, la Ciudad de la Justicia de Vigo empieza a retomar su habitual ritmo frenético. La actividad no está todavía al 100%, pero los procuradores y abogados no tuvieron tregua y, con el arranque de septiembre, recibieron más de 3.800 notificaciones de sentencias y otras resoluciones judiciales en un solo día. Se trata de una de las cifras más altas de los últimos años, en los que, a raíz de una instrucción emitida a nivel de toda Galicia, se impuso un tope máximo diario de envíos por órgano judicial para evitar una difusión masiva en una única jornada. En esta ocasión hubo un ligero repunte: las notificaciones despachadas supusieron un 7% más que las de la misma fecha de 2024.

El Colegio de Procuradores de Vigo recibió a lo largo de la mañana del lunes 3.839 resoluciones de las que permanecían a la espera de ser enviadas desde principios de agosto, procedentes de los juzgados vigueses –2.965– y también de los de Redondela –189–, Tui –190–, Porriño –242– y Ponteareas –251–. Hubo, por otra parte, un destacado incremento de escritos gestionados por estos profesionales en el primer día laborable tras las vacaciones veraniegas: se presentaron 1.036, una cifra récord ya que son un 18% más que los 879 que se habían formalizado el 1 de septiembre de 2024. Y en los años anteriores las cifras incluso habían sido menores.

«Llevamos tiempo notando un aumento de la actividad en los juzgados de Vigo y su área y lo más positivo es que tenemos una procura de récord: 1.036 escritos en la primera jornada del curso judicial, la cifra más alta jamás registrada. Las procuradoras y procuradores somos fundamentales para la agilización de la Justicia. Con más competencias, podríamos ayudar mucho más a tener una justicia más rápida y eficaz», valoró ayer José Antonio Fandiño, decano de los procuradores vigueses.

A la espera de conocer las razones concretas del aumento, lo cierto es que esta situación coincide con el notable incremento de litigiosidad que se ha experimentado en la jurisdicción civil: en los Juzgados de Primera Instancia ordinarios, pero también en el Mercantil y en la Sección Sexta de la Audiencia que resuelve los recursos de apelación de esta materia, sala que ha tenido que ser reforzada con varios magistrados.

**Juicios**

Y en lo relativo a la celebración de juicios, algunas salas ya han retomado su habitual actividad. Varios juzgados de lo Social empezaron a celebrar juicios y, por ejemplo, los de lo Penal tienen señaladas vistas orales a partir de la próxima semana. La maquinaria judicial se pone en marcha en un año que sin duda estará marcado por la gran reforma que se implantará el 31 de diciembre: la que supondrá la creación del que se denominará Tribunal de Instancia de Vigo y que dirá adiós a los tradicionales órganos judiciales unipersonales.



Co obxecto de poñer o foco nestas cuestións, **elaboráronse dous informes**: un sobre os xulgados de Instrución e outro sobre a sala do Mercantil e as dúas sedes da Audiencia Provincial que ten Vigo, todas elas afectadas pola conxestión.












# FORMACIÓNS PARA A NOVA LEI DE EFICIENCIA

Por iniciativa do Colexio, o maxistrado titular do xulgado de Instrución nº4 de Vigo, **Juan Carlos Carballal**, impartiu un curso dirixido á procura para debullar o contido e as implicacións para Vigo e a súa área da Lei de Eficiencia do Servizo Público de Xustiza.




**Carballal: "A Lei de Eficiencia amplía os dereitos e deberes da procura"**

En coordinación co Colexio da Avogacía de Vigo, o Colexio impulsou unha mesa sobre a organización xudicial dos tribunais de instancia, coa participación da directora xeral para o Servizo Público de Xustiza do Ministerio de la Presidencia, Justicia y Relaciones de las Cortes do Goberno de España, **Verónica Ollé**, o director xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, **José Tronchoni**, e o maxistrado xuíz decano de Vigo, **Germán Serrano**.




**Vigo converterá os seus xulgados nun tribunal de instancia con 38 xuíces**



ESCANEA O QR PARA LER A ENTREVISTA

# “‘E ti que fixeches?’, dixo unha clienta ao pasar a minuta”

**ANA FERNÁNDEZ (LUGO, 1981)**

**É unha das profesionais máis novas do Colexio, pero xa suma máis de 10 anos de exercicio. Defende a divulgación da profesión e a pedagoxía para que a sociedade coñeza o labor dunha procuradora.**

# VIGO, O PRIMEIRO COLEXIO DA PROCURA DE ESPAÑA CON NOME INCLUSIVO

O Colexio da Procura de Vigo converteuse no primeiro dos 67 colexios de España en aprobar unha nova denominación axeitada á linguaxe inclusiva.

Tamén se refrendou, por unha ampla maioría, unha **nova imaxe do colexio**, a través dunha votación aberta a todas as procuradoras e procuradores do partido xudicial, algo tamén inédito até o de agora no Estado.

COLEXIO DA PROCURA DE VIGO

COLEXIO DA PROCURA DE VIGO

Entre tres novas imaxes corporativas e denominacións oficiais seleccionadas por **un comité de persoas expertas**, o 63% da procura viguesa escolleu a nova denominación e o novo logotipo.






# XORNADAS DE DEREITO PROCESAL CIVIL

Xunto co Colexio da Avogacía de Vigo, a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia, o Colexio da Procura de Vigo organizou as IX Xornadas sobre Cuestións Prácticas de Dereito Procesal Civil.

O decano alertou sobre o aumento dos asuntos en trámite nesta área en Vigo e Galicia na última década, sinalando que **os asuntos pendentes no ámbito civil ascenderan un 142%** na primeira metade do ano con respecto ao mesmo período de 2017.

Fandiño tamén moderou unha mesa redonda sobre medios tecnolóxicos, proba pericial tecnolóxica e proba testifical no eido civil, coa participación do maxistrado da sección 1ª da Audiencia Provincial de Barcelona, **Xavier Abel Lluch**; o maxistrado retirado e escritor **Julio Picatoste Bobillo**; e o avogado vigués **Adrián Bande Otero**.




A inauguración contou tamén coa presenza da catedrática de Dereito Procesal da Universidade de Vigo **Esther Pillado**, o maxistrado **Picatoste Bobillo** e a decana do Colexio da Avogacía de Vigo, **Lourdes Carballo**, directores das Xornadas.

# MÁSTER DE AVOGACÍA E PROCURA
## UNIVERSIDADE DE VIGO

O decano acudiu á inauguración da segunda edición do Mestrado en Avogacía e Procuradoría da Universidade de Vigo, de cuxa organización forma parte o Colexio dende que **a formación xunta o temario** para ambas as profesións.



Deontoloxía, responsabilidade civil, xestión económica, tecnoloxía e actos de comunicación foron algúns dos puntos clave do temario que José Antonio Fandiño lles avanzou ás alumnas e alumnos do mestrado, como tamén **a execución e a súa importancia** para a procura coa entrada en vigor da Lei de Eficiencia.

A inauguración do mestrado tamén contou coa presenza de **Francisco José Torres Pérez**, decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo; **Pablo Grande Seara**, coordinador académico do mestrado, **María Lourdes López Fernández**, coordinadora profesional do mestrado; e **Blanca Otero Otero**, secretaria académica.



ESCANEA O QR
PARA LER A
ENTREVISTA

# “É fundamental chegar ao xulgado cun sorriso”

**MARÍA PIÑEIRO (A CORUÑA, RESIDENTE EN VIGO DENDE 2012)**

**Alegre e positiva, só ten boas palabras para os seus compañeiros, dende os seus inicios, e cre firmemente no futuro da profesión polo necesaria que é.**

RESUMO DE ACTIVIDADE DO ANO

# FESTA DA PROCURA VIGUESA

Nun encontro estival e animado entre compañeiros, o Colexio entregoulles as súas insignias ás procuradoras **María José Argiz e Marta Robés** polos seus cinco lustros de exercicio, e a **María Jesús Valencia, Carmen Molist e María del Carmen López** polas súas catro décadas de traxectoria profesional.







A velada contou coa presenza de colexiadas e colexiados, boa parte do comité executivo do Consejo General de Procuradores de España -entre eles, o seu presidente, Ricardo Garrido- e decanas e decanos dos colexios de Madrid, Barcelona, Valencia, Ciudad Real, Zaragoza ou Cantabria.











## Castells, González-Puelles e Soaje, decanos de honra

Polas súas cualidades profesionais, sociais e a súa contribución á defensa e desenvolvemento do Colexio, os ex-decanos Manuel Castells, Jesús González-Puelles e Javier Soaje recibiron ao final da cea a distinción de decanos de honra.



# XUNTANZA DE NADAL

Con nome e imaxe renovados, xuntos e cos mellores desexos, o Colexio da Procura de Vigo celebrou o 19 de decembro un encontro previo ás datas de Nadal para brindar polo ano a piques de rematar e polo mellor 2026.













COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# XUNTA DE GOBERNO

# XUNTA DE GOBERNO



**JOSÉ ANTONIO FANDIÑO**
Decano



**GISELA ÁLVAREZ**
Vicedecana



**JOSÉ RAMÓN CURBERA**
Secretario



**CARMEN HERMIDA**
Vicesecretaria



**CRISTINA DEL RÍO**
Tesoureira



**PAULA LLORDEN**
Vicetesoureira



**ROSA MARQUINA**
Vogal primeira



**MARÍA CRENDE**
Vogal segunda



**ELENA JULIANI**
Vogal terceira



**VANESA NÚÑEZ**
Vogal cuarta



**ANDREA ESTÉVEZ**
Vogal quinta

COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# ACTIVIDADE DAS COMISIÓNS



## COMISIÓN DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Co gallo da entrada en vigor da Lei 1/2025 sobre medidas de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, en xaneiro organizouse unha xornada impartida polo maxistrado **Juan Carlos Carballal**. En colaboración co Colexio da Avogacía de Vigo, participamos nunhas xornadas sobre Medidas de Eficiencia, nas que interveu a directora general do Servicio Público de Justicia.

Seguindo coa formación, o decano asistiu á graduación e á presentación do **Máster de Abogacía e Procura** da Universidade de Vigo; interveu no **Curso de Violencia de Xénero**, organizado nesta ocasión polo Colexio de Procuradores da Coruña; e a comisión impulsou, xunto co Colexio da Avogacía e a Universidade de Vigo, unhas xornadas sobre **novas tecnoloxías**.

Esta comisión encargou a elaboración de dous informes, sobre **a Xustiza en Galicia** e sobre o **xulgado do Mercantil de Vigo**, ambos remitidos á Audiencia Provincial de Pontevedra, reclamando reformas para unha tramitación áxil e eficiente.

A nivel institucional, catro membros do Colexio asistiron ás **Jornadas de Juntas de Gobierno** do Consejo General de Procuradores de España, celebradas en Cádiz en novembro. Tamén houbo representación nas festas anuais dos colexios de **Barcelona** e **Zaragoza**, como tamén na do **Colexio de Economistas de Pontevedra**.

Na festa anual do Colexio de Vigo organizouse a entrega do recoñecemento como **Decanos de Honra** aos ex-decanos Javier Soaje, Manuel Castells e Jesús González-Puelles.

## COMISIÓN DE DEONTOLOXÍA E EXPEDIENTES

Ao longo do ano 2025 recibíronse **8 queixas** no Colexio por actuación profesional e, tras seren estudadas pola comisión, informouse solicitando o **arquivo das mesmas**.

## COMISIÓN DE ACTOS DE COMUNICACIÓN E REGULAMENTO

Esta comisión elaborou un regulamento para organizar os servizos necesarios por parte do Colexio para a práctica dos **actos de comunicación** a realizar coas partes sen representación procesal e con terceiros implicados no proceso.

Tamén se habilitou o modelo a cumprimentar por parte dos solicitantes e o **modelo de alta no servizo** para o seu rexistro no Colexio. Por falta de solicitudes, no foi necesario o seu uso.

## COMISIÓN DE LEXNET E INFORMÁTICA

A comisión encargouse de **xestionar múltiples incidencias informáticas e operativas** e mantivo informadas ás persgas colexiadas en todo momento a través de circulares internas e comunicacións detalladas.

Neste labor, continúa a evidenciarse unha evolución continuada cara á **dixitalización plena** da contorna xudicial, malia os desafíos técnicos que anda requiren un seguimento e mellora.

## COMISIÓN DE QUENDA DE OFICIO, VIOLENCIA DE XÉNERO E XUSTIZA GRATUÍTA

O Colexio volveuse implicar no **Curso de Violencia de Xénero**, celebrado este ano na Coruña en colaboración, como sempre, coa Xunta de Galicia e o Consello Galego dos Procuradores. A comisión segue a priorizar esta formación entre a procura viguesa.

Seguíronse a manter reunións coa Dirección Xeral de Xustiza para a **mellora do convenio de xustiza gratuíta** asinado anualmente para pagar aqueles asuntos que, por distintos motivos, non teñen ese recoñecemento. Tamén continúan as negociacións para un **novo baremo** que inclúa o 100% das actuacións realizadas e adecualo á nova Lei de Eficiencia.



ESCANEA O QR
PARA LER A
ENTREVISTA

# “Soubemos adaptarnos sen perder a esencia da procura”

**MARTA ROBÉS** (VIGO, 1974)

**Despois de 25 anos como procuradora, Marta Robés ve na profesión un piar fundamental para a Xustiza, malia os cambios especialmente tecnolóxicos e o descoñecemento que aínda existe sobre a procura.**

## COMISIÓN DE EVENTOS

Co obxectivo de promover o encontro presencial da profesión e as sinerxias, a comisión organizou un ano máis **a cea anual do Colexio** e a entrega das condecoracións ás procuradoras e procuradores que cumpriron 25 e 40 anos de colexiación. Tamén se outorgaron nesta ocasión os **recoñecementos como Decanos de Honra** a Javier Soaje, Manuel Castells e Jesús González-Puelles. Con motivo das **datas de Nadal**, esta comisión organizou unha nova xuntanza de compañeras e compañeiros a mediados de decembro.

## COMISIÓN DE FORMACIÓN E WEB

A comisión traballou na **organización e o apoio ás formacións profesionais** de maneira continuada, a través de xornadas, cursos e relatorios centrados nos temas de máis relevancia e actualidade no eido da procura e a administración de xustiza, incluída a **nova Lei de Eficiencia**.

No tocante á **web**, actualizouse a nivel corporativo con motivo da aprobación da **nova imaxe** (logo e nomenclatura) do Colexio da Procura de Vigo.




COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# INFORME ECONÓMICO

INFORME ECONÓMICO

# CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

| CONCEPTO | 2025 | VARIACIÓN |
|---|---|---|
| INGRESOS COTAS | 271.424,80 € | -18,9% |
| Cotas variables (SERCYN) | 181.048,00 € | -23,8% |
| Cotas fixas | 90.376,80 € | -7,0% |
| OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN | 45.279,42 € | +2,9% |
| Altas novos colexiados | 150,00 € | +200,0% |
| Compensación Quenda de Oficio | 20.601,34 € | +3,2% |
| Outros<br>(subvencións, xestión edictos, mutualidade, etc.) | 24.528,08 € | +2,3% |

| GASTOS 2025 | IMPORTE | VARIACIÓN |
|---|---|---|
| GASTOS FIXOS<br>(personal, seguridad, administración, etc.) | -233.732,79 | +2,5% |
| GASTOS VARIABLES<br>(consumibles, telecomunicacións, seguros, etc.) | -67.259,15 € | +37,8% |
| OUTROS GASTOS | -37.171,61 € | -3,5% |

| TOTAL ACTIVO | PATRIMONIO NETO |
|---|---|
| 837.472,08 € | 814.404,44 € |

| | |
|---|---|
| Total gastos de explotación | -338.163,55 € |
| Resultado de explotación | -26.925,16 € |
| Resultado financeiro | 7.397,55 € |
| Imposto sobre beneficios | -1.711,34 € |
| **RESULTADO DO EXERCICIO** | **-21.238,95 €** |


Abogados y procuradores exi
tra sección civil para la Aud
cesidad de una segunda sala es imperiosa: no es un problema p
ural», avisan estos profesionales ante el colapso histórico que

ven, pero que difícilmente
mantener si no se dota a la
de otra sección», zanja.

**Barbaridad**

Igual de tajante se mu
sé Antonio Fandiño, de
Colegio de Procuradores.
puede seguir siendo trata
si fuese el extrarradio ju
cualquier otra ciudad. L
ha de estar cerca de sus

COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# COMUNICACIÓN E PRENSA



COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

# PROFESIONAIS COLEXIADOS

# 139 COLEXIADAS E COLEXIADOS EN 2025

## PROFESIONAIS EXERCENTES

ACOSTA PADIN, PABLO
ACOSTA VALLADARES, BETANIA
ALFAYA GONZALEZ, BERNARDO
ALONSO FERNANDEZ, GEMMA
ALONSO MENDEZ, AURORA
ALONSO PABLOS, NURIA
ALONSO PAIS, Mª DAS NEVES
ALONSO RODRIGUEZ, JAIME
ALONSO SOLIÑO, ERMINIA
ALVAREZ PAZOS, EMILIO JOSE
ALVAREZ VAZQUEZ, GISELA
ALVAREZ VAZQUEZ, JUAN CARLOS
ARCA VELOSO, SUSANA
ARGIZ VILAR, Mª JOSE
BARREIRO CARRILLO, MARTA
BARREIRO VIÑAS, RAQUEL
BARROS ESTEVEZ, Mª VICTORIA
BOQUETE RODRIGUEZ, SUSANA
CABALEIRO BARCIELA, PATRICIA
CARRERA FERNANDEZ, Mª TERESA
CASTROMIL DIAZ, MARIA
COBAS GONZALEZ, Mª DOLORES
CRENDE RIVAS, MARIA
CURBERA FERNANDEZ, JOSE RAMON
DE LIS FERNANDEZ, ROSA
DE MIGUEL GONZALEZ, Mª MERCEDES
DEL RIO RECOUSO, CRISTINA MARIA
DIAZ SANCHEZ, MARTA
DIZ GUEDES, MANUEL CARLOS
DOLDAN PALACIOS, MARIA DOLORES
DOMINGUEZ DOMINGUEZ, SILVIA CLAUDIA
DOMINGUEZ QUINTAS, ISABEL
DUQUE SIERRA, Mª ANTONIA
ESTEVEZ BAÑA, Mª DE LA PAZ
ESTEVEZ CERNADAS, RICARDO
ESTEVEZ FERNANDEZ, MARIA DEL SOL
ESTEVEZ SANTORO,ANDREA
FANDIÑO CARNERO, JOSE ANTONIO
FERNANDEZ BARBOSA, ANA PAULA
FERNANDEZ FERNANDEZ, RAFAEL ANGEL
FERNANDEZ GONZALEZ, JOSE
FERNANDEZ MEIRIÑO, KATIA
FERNANDEZ NUÑEZ, ANA MARIA
FERNANDEZ PIÑEIRO, Mª JOSEFA
FERNANDEZ SAMPEDRO, GERMAN
FERNANDEZ SUAREZ, NIEVES ROSARIO
FERREIRA GONZALEZ, MARIA DEL CARMEN
FIGUEROA ALONSO, JOSE ANTONIO
GALLEGO MARTIN-ESPERANZA, ANDRES
GARCIA CALVO, Mª ELENA
GARCIA MARVIZON, DIEGO AGUSTIN
GIL TRANCHEZ, JOSE VICENTE
GONZALEZ RODRIGUEZ, Mª DE LOS ANGELES
HERMIDA AMATRIAIN, Mª LOREA
HERMIDA PORTELA, Mª CARMEN
HOMBRIA GESTOSO, FELIX
JULIANI ORTIZ, ELENA
LAGARON GOMEZ, MARINA
LAMOSO REY, MANUEL JUAN
LANERO TABOAS, LUIS PEDRO
LIMA CASAS, PAULA
LIMA DURAN, MARIA
LLORDEN FERNANDEZ-CERVERA, PAULA
LOPEZ DE CASTRO, Mª CARMEN
LORENZO ZARANDONA, Mª JOSE
MARQUINA TESOURO, Mª ROSA
MARTIN FERNANDEZ DEL RIEGO, CRISTINA
MARTINEZ NOVELLE, MARIA
MARTINEZ PAZ, EVA Mª
MIRANDA VALENCIA, MARIA
MOLIST GARCIA, Mª CARMEN
MOSQUERA LORENZO, OLGA
MUIÑO ARAGON, ARACELI
MUÑOZ LEIRA, CELSA
NOGUEIRA FOS, Mª JESUS
NUÑEZ MARTINEZ, VANESA
OLIVARES DIAZ, RAQUEL
OTERO ALFAYA, ALEJANDRO NAPOLEON
PAZO IRAZU, ANA MARIA
PEREIRA-BORRAJO REY, MARTA
PEREZ CARRERA, ANA BELEN
PEREZ CRESPO, Mª MERCEDES
PEREZ ESTEVEZ, ENRIQUE
PEREZ GONZALEZ, SOLEDAD
PEREZ LORENZO, BEGOÑA
PIÑEIRO PEÑA, MARIA
PORTABALES BARROS, FATIMA
PRIETO ESTURILLO, PABLO
QUINTAS RODRIGUEZ, GLORIA
RIOBO PEREZ, CAROLINA

RIOL BLANCO, CARMEN
ROBES CABALEIRO, MARTA
RODRIGUEZ COSTAS, MARTA
RODRIGUEZ GONZALEZ, PURIFICACION
RODRIGUEZ NIETO, MANUEL
RUIZ SANCHEZ, Mª AUXILIADORA
SABORIDO LEDO, Mª BEGOÑA
SALGADO TEJIDO, Mª ELENA
SANCHEZ FERNANDEZ, Mª CARMEN
SANCHEZ ROMERO, Mª PILAR
SANTIAGO ARBONES, MARIA
SANTOS RODRIGUEZ, MARIA JESUS
SEÑORANS ARCA, JUAN MANUEL
SOMOZA GONZALEZ, MARIA DEL CARMEN
SOÑORA ALVAREZ, Mª VICTORIA
SOTO GARCIA, ANA ISABEL
SOUTO PEREIRA, VERONICA
SUAREZ GARAYO, JORGE
SUAREZ HERMO, MARTA
TORO RODRIGUEZ, Mª JOSE
TORRES GOBERNA, LUIS CESAR
TOUCEDO GUISANDE, Mª JESUS
TOUCEDO REY, FRANCISCO JAVIER
UCHA GROBA, Mª TAMARA
VALENCIA ULLOA, Mª JESUS
VAQUERO ALONSO, JOSE FRANCISCO
VARELA GONZALEZ, FRANCISCO JAVIER
VAZQUEZ CUETO, Mª CARMEN
VEIGA CAMPO, ESTELA
VEIGA SILVA, OLGA MARIA
VIDAL FERNANDEZ, MONICA
VIDAL RUIBAL, ALBERTO
VILLOT SANCHEZ, Mª TERESA
VIRULEGIO FIGUEROA, Mª DOLORES
ZUBELDIA BLEIN, CARINA
ZUÑIGA CABALLERO, FRANCISCO JAVIER

# PROFESIONAIS NON EXERCENTES

CARPINTERO FERNANDEZ, MARIA LUISA
CARRERA HORTAS, ANDRES
CASTELLS LOPEZ, MANUEL
FERNANDEZ NIETO, ISABEL
FERNANDEZ SABORIDO, ANXO MANUEL
GONZALEZ MARTINEZ, AMPARO
GONZALEZ-PUELLES CASAL, JESUS ANTONIO
LORENZO-FARIÑA DOMINGUEZ, ALVARO
MARTINEZ DOMINGUEZ, LORENA
PENA REBAQUE, ALBERTO
QUEIRUGA ALVAREZ, LAURA ISABEL
SENDON JURJO, MANUELA
VICENTE VELASCO, ZORAIDA

COLEXIO DA
PROCURA DE VIGO

